




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Vigo. Municipio: Vigo. Parroquias: San Paio de Navia ao norte, Santo André de Comesaña ao leste e San Salvador de Coruxo ao sueste. Extensión: 4,5 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Pequeno esteiro na desembocadura do Río Lagares. A fronte costeira está formada polos depósitos sedimentarios areosos que configuran a praia de Fonteiña. Cara ao interior esténdese a área hidromorfa e marismeña da Carrasqueira a onde verte as súas augas o leito principal e tributarios secundarios como o arroio de Rega. O resto da unidade esténdese pola chaira costeira da cunca baixa do Lagares e que desenvolve unha suave pendente nas ladeiras graníticas das súas marxes.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade atopa no dominio dos granitos de afinidade alcalina, aparecendo nalgúns zonas ao norte do val do río Lagares, facies de gran medio a fino, nos granitos de feldespato alcalino. Á parte disto, e das granodioritas con megacrístais feldespáticos que aparecen no extremo noroccidental da unidade, o máis destacado é a presenza de depósitos cuaternarios de diversa índole. Ao norte e noroeste están as típicas formacións areosas de praia, deposicións de marisma no esteiro do río Lagares, e depósitos coluvio-aluviais seguindo os vales do mencionado río e do seu maior afluente: o arroio Rega.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Precipitacións acumuladas de 1200 mm a 1400 mm anuais, temperatura media superior a 15° C e amplitude térmica media que varía entre 12,5°C e 13,5°C durante o ano. Réxime ombrotérmico Cálido e Húmido.

OS SOLOS

Franxa costeira con solos costeiros derivados dos procesos de sedimentación fluvio-mariña e afectados polo rango mareal: na parte exterior arenosoles álbicos e háplicos asociados aos areais de Samil e Fonteiña; fluvisoles sálicos e tiónicos na desembocadura do Lagares onde se localizan as marismas da Carrasqueira. Neste sector tamén hai que destacar a superficie ocupada polos antrosos ante a intensa transformación da paisaxe motivada pola expansión urbana, a localización das actividades industriais e as infraestruturas. A cunca baixa do Lagares presenta solos profundos nas ribeiras, con maior ou menor hidromorfía, dos tipos fluvisol háptico e gleisol e nas ladeiras cambisoles dístricos.

AS AUGAS

O elemento hidrográfico máis destacado da unidade fórmano o río Lagares e a pequena lagoa litoral da Carrasqueira (Augas Interiores 20485). O arroio de Rega, pola marxe esquerda, é o afluente máis importante do Lagares. Este arroio recibe á súa vez, a achega hídrica de numerosos tributarios provenientes do sur: regueiro do Freixo, da Cartas, da Presa ou de Eifonso. As Augas Costeiras que bañan a unidade pertencen á zona do exterior da zona de Vigo: 20159.

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade de esteiro que posúe un sector de marisma (grupo 13), dunhas 12 ha, ameazado por recheos, pero aínda de notable interese. Tamén presenta áreas de chairas areosas e/ou lamacentos submareais superficiais e intermareais (hábitats 1110 e 1140). A pesar de ser unha unidade moi transformada no seu medio por asentamentos urbanos, industriais e periurbanos en xeral, leitos como o de Navia e Regueiro de Rega, potenciada a súa difusión hidromorfa pola existencia de suaves cuncas e unha chaira costeira practicamente horizontal, mostran masas ripícolas (91E0) de pouco tamaño pero de importancia ecolóxica como corredores. Ademais, desenvólense nestas zonas hidromorfas, hábitats de prados húmidos, potencialmente o 6420, prados de herbas altas do Molinion-Holoschoenion e 6430, megaforbios eutrofos hígrifilos.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Esta unidade atópase situada no esteiro do río Lagares, principal curso de auga da cidade de Vigo. Predominan os espazos artificiais constituídos pola estación depuradora de augas residuais, implantacións industriais situadas ao longo da estrada C-550 (prolongación do polígono de Balaídos en que se atopa a factoría de Citroën) e desenvolvementos residenciais, fundamentalmente vivendas unifamiliares. Tamén aparecen pequenos espazos verdes formados por masas arbóreas mixtas e bosques de repoboación entre os que destaca o bosque de ribeira asociado ao curso baixo do río que, na súa desembocadura, forma unha zona de marismas de gran valor ecolóxico. Perduran algúns espazos cultivados de xeito testemuñal na zona suroriental da unidade, preto do lugar da Torre.

MORFOLOXÍA

Nesta unidade conflúen o río Lagares, eixe fundamental de articulación territorial de Vigo, e a estrada C-550. Estes dous elementos lineais serviron de apoio para a implantación de numerosos usos, entre os que destacan os industriais, desenvolvidos dun modo relativamente desordenado, se se exceptúa o polígono de Citroën. As edificacións residenciais, fundamentalmente vivendas unifamiliares, seguiron un patrón similar. Outros elementos, como as instalacións deportivas do extremo sur da praia de Samil, a estación depuradora situada no pequeno esteiro do Lagares, ou o tramo do Cinto de circunvalación completan un mosaico carente de xerarquía que ofrece un dos exemplos menos gratos da característica periferia urbana de Vigo.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Son varias as infraestruturas que discorren por esta unidade. De entre elas destacan a PO-325 que une Vigo con Nigrán e que atravesa a desembocadura do Lagares no seu punto máis estreito, ao comezo da praia de Samil, e a C-550 que une Vigo con Baiona sendo dúas das estradas máis transitadas durante a época estival. Entre elas sitúanse outras estradas destinadas a vertebrar o tráfico do espazo interior e que, xunto cun gran número de estradas de ámbito local, conforman unha densa rede de comunicacións. Nos últimos anos abriuse o Segundo Cinto, que comunica directamente cos nós de enlace da autoestrada AP-9.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Dentro do patrimonio arqueolóxico destaca o castro do Penedo en San Lourenzo. O conxunto parroquial de Navia e a capela de San Lourenzo englobáanse dentro da arquitectura relixiosa, unha representación de arquitectura funeraria refléxa o cemiterio parroquial de Comesaña. A casa Cendón e o edificio Prado Comesaña figuran como elementos salientables da arquitectura civil presente nesta unidade.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A zona da desembocadura do Lagares constitúe un dos puntos máis complexos da estrutura territorial de Vigo, na que conviven algúns dos elementos de maior potencial ambiental e paisaxístico (como o pequeno esteiro e a praia de Samil) con importantes implantacións industriais e infraestruturas de grande incidencia. Esta dualidade confire a esta zona un carácter relativamente residual, aínda que atesoura elementos que poden permitir notables melloras.

DINÁMICA DA PAISAXE

Nesta unidade, á transformación derivada do abandono dos usos agrarios tradicionais e a súa progresiva substitución por vivendas unifamiliares, súmanse os efectos derivados da implantación próxima da factoría de Citroën, que ademais da transformación que supón en por si, causa como efecto inducido a implantación de numerosas instalacións industriais. Ademais, o río Lagares, canle natural das valgadas internas de Vigo, foi tamén o colector das augas derivadas dos procesos de desenvolvemento urbano, polo que a depuradora situada na súa desembocadura adquire unha relevancia transcendental. Finalmente, as infraestruturas introduciron novos elementos de fractura, algúns dos cales poden ser reversibles.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A variedade e heteroxeneidade de elementos e usos presentes na zona de Balaídos-Lagares non ofrece uns especiais valores paisaxísticos, tratándose máis ben dunha zona notablemente degradada. Pero esta é unha valoración global, pois por outro lado están presentes elementos puntuais dun gran valor e potencial paisaxístico, como o río Lagares, a súa desembocadura e o complexo de esteiro que esta forma coa praia de Samil, que ademais constitúe unha transición entre as zonas residenciais-terciarias de baixa densidade de Samil e Canido, de tal maneira que se converte nunha peza de grande importancia dentro do suave arco que se forma entre a punta de Alcabre e Cabo Estai, no que se atopan as principais praias de Vigo e que mantén unha relación visual de máximo interese coa costa de Cabo Home-Barra e as illas Cíes.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros


Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



